

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 28/02/2018 SOBRE MEDIDAS DE IGUALDADE E CONCILIACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (DOG do 04/05/2015) exclúe ao persoal docente de investigador das Universidades do Sistema universitario de Galicia, mentres que é aplicable ao persoal funcionario de administración e servizos das universidades públicas galegas en todo o que non estea expresamente regulado pola lexislación orgánica de universidades e as súas disposicións de desenvolvemento.

Esta situación dá lugar a tratamentos diferentes segundo o colectivo de pertenza e a normativa a aplicar. Se ben existen situacións nos que estas diferenzas poden estar xustificadas en cuestións obxectivas, non é o caso dos permisos e licencias referidos a conciliación familiar, coidado de fillos, permisos por maternidade ou paternidade, permisos por parto ..., os cales concretan unhas medidas de apoio á igualdade coas que a Universidade da Coruña está comprometida.

Por esta razón, o Consello de Goberno da Universidade da Coruña, e unha vez negociada a proposta cos/as representantes sindicais do PDI, acorda:

Que a Universidade da Coruña aplique ao seu persoal docente e investigador, independentemente do seu vínculo, as melloras que, no referente a permisos e licencias no ámbito das políticas de igualdade, teñan a súa orixe na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, DOG do 4 de maio.

Este acordo entrará en vigor no momento da súa aprobación.